



UNIDADE 9

Como non o sabía...

Remita os estudantes á fotografía da portadiña e pregúntelles: **Onde credes que está este rapaz? Que lle puido pasar?**

Pídalles que relacionen o título da unidade (**Como non o sabía...**) coa fotografía e que rematen a frase. As posibilidades son múltiples e todas aceptables, sempre que as xustifiquen adecuadamente. A continuación, anímeos a que comenten as súas respostas en parellas ou en grupos de tres.

Por último, preséntelles os contidos da unidade e a tarefa final: xulgar algunhas decisións e as súas consecuencias.



1. CAMBIAR O MUNDO

Ler dous textos sobre distintas iniciativas para mellorar o mundo e valoralas. Imaxinar un obradoiro. Propoñer ideas e habilidades prácticas para axudar no noso contorno.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se coñecen algunha ONG, asociación ou grupo con iniciativas de axuda aos demais, cales son as máis populares no seu lugar de orixe e que tipo de actividades realizan. Se hai respostas afirmativas, interésese por saber cal ou cales e se participan directa ou indirectamente nalgunha delas.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus alumnos aos textos que aparecen no libro, pídalles que os lean e que, logo, decidan a iniciativa que lles pareza máis necesaria. Despois, propóñalles que o comenten en parellas.

B. Indíquelles que, outra vez en parellas (un alumno será A e outro B), imaxinen un obradoiro ou un curso que consideren que sexa necesario no ámbito no que viven. Terán que decidir a quen vai dirixido, por que e para que é necesario. Entre todos, anime para que cada parella lle expoña a súa idea ao resto dos compañeiros. Dígalles aos demais que poderán facer preguntas se precisan de aclaracións ou de máis información sobre o proxecto e que tamén poderán valoralo, tendo en conta a súa necesidade e viabilidade.

C. Forme agora dous grandes grupos na aula: un con todos os alumnos A das parellas anteriores e outro con todos os B. A seguir, pídalles que comenten se poderían colaborar nalgún dos obradoiros ou cursos propostos polos compañeiros e por que. Logo, ánimoos a compartiren as súas habilidades cos demais e a explicárenlles como as aprenderon.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicio 3.

2. MÉTODO DIRECTO

Ler un artigo sobre un método de aprendizaxe de idiomas e propoñer argumentos a favor e en contra dese tipo de ensino.

ANTES DE COMEZAR

Propóñalles aos estudantes organizaren unha charla sobre o ensino e a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos seus respectivos lugares de procedencia. Anímoos a que comenten, por exemplo, o **interese**

que hai por parte da sociedade en aprender outros idiomas, onde se adoitan ofrecer (escolas específicas privadas/públicas, academias, escolas regradas...), como é a relación entre profesores e alumnos, que metodoloxías se empregan... Se nunca estudaron unha lingua estranxeira e non teñen un coñecemento directo sobre o tema, suxíralles que recorran ás experiencias de amigos ou familiares que si o fixeron.

Aproveite tamén este momento para estimular a reflexión e concienciación dos seus alumnos sobre o seu proceso de aprendizaxe da lingua galega.

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos seus alumnos que lean o artigo individualmente, que valoren as alternativas didáctico-pedagóxicas que propón e que pensen se lles gustaría aprender un idioma a través desta metodoloxía. Deseguida, propóñalles que, individualmente, elaboren unha listaxe cos argumentos a favor e en contra dese modelo de ensino.

Cando teñan confeccionadas as súas listas, ánimoos a que, en parellas, as comparen e a que comenten as coincidencias e diferenzas que presentan. Ao final, faga unha posta en común e reconduza logo a discusión para que, entre todos, fagan unha valoración conxunta do curso, falando, por exemplo, das cousas que máis ou menos lles gustan, das que lles parecen de maior ou menor utilidade etc.

E DESPOIS

Como unha ampliación da conversa de “Antes de comezar”, interésese por saber como os estudantes aprenderon a súa lingua materna ou algunha lingua estranxeira na escola regrada. Para iso, pode pedirilles que cubran o impreso da **ficha 17** e que, logo, o comenten en parellas ou en grupos de tres.

Para rematar, faga unha posta en común e anote no encerado o reconto das respostas para saber cantos fixeron cada un dos procedementos do formulario e cales lle gustaron máis á maioría.

3. COMO NON O FIXECHES!

Escoitar as queixas duns estudantes de galego e apuntar os seus motivos e os reproches que lles fan.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos estudantes que, a continuación, van escoitar tres estudantes de galego que falan con outras persoas sobre algunha experiencia coa súa aprendizaxe desa lingua. Explíquelles que deberán anotar na táboa que se ofrece de que se queixa cada un deles e cal é o reproche que se lle fai en cada caso.

Poña a audición unha vez e, de ser necesario, repítaa antes de facer unha corrección entre todos.

Solución

	Quéixase de...	Repróchalle que...
1	que no exame de galego fallara todos os tempos en pasado.	estudase polos apuntamentos de Marc, que é moi despidado.
2	que non conseguira entender case ningunha noticia no telexornal do día anterior.	non falase máis galego na casa.
3	que tivera moitas faltas de ortografía na carta que lle mandara a profe.	non lese os libros que lle recomendara.

B. Agora, distribúa os estudantes en parellas ou en grupos de tres e pídalles que comenten se teñen algún dos problemas mencionados na aprendizaxe do galego. Dígalles que tamén poderán falar doutros, no caso de que os teñan.

Déixelles tempo abondo para que o discutan e propoña logo unha posta en común, na que poderá apuntar no encerado todos os problemas que mencionen. A continuación, anídeos a que propoñan polo menos unha posible solución para cada un deles.

E DESPOIS

Se lle parecer conveniente, suxíralles que pasen a información do encerado a unha especie de cartel e que, despois, o fixen nun lugar ben visible da aula, para que lles sirva de recordatorio todos os días de como poden perfeccionar o seu galego e facer máis eficaz a súa aprendizaxe.



4. ARREPÍNTENSE?

Reflexionar sobre a formulación de hipóteses no pasado que dependen dunha condición. Observar a construción do infinitivo conxugado.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado o verbo **arrepentirse** e asegúrese de que os seus alumnos o comprenden. Explíquelles unha situación dese estilo: **Un amigo vendíalle a vostede un coche en bo estado e a moi bo prezo,**

pero vostede quixo mirar outras alternativas e, cando finalmente se decidiu polo do seu amigo, el xa o vendera. A continuación, tras deixar en evidencia que daquela se arrepentiu, anídeos a que dean outros exemplos de situacións de arrepentimento que lembren, aínda que non as experimentasen eles directamente.

PROCEDEMENTOS

A. Remítaos ás frases que figuran no libro e coméntelles que se trata das decisións que tomaron estas sete persoas. Pídalles que as lean e que digan logo se cren que, en cada caso, se arrepinten ou se se alegran das decisións tomadas no seu momento. Indíquelles que o fagan individualmente e, cando remataren, corríxao nunha posta en común para que se aclare o resultado.

Se observa que algúns dos seus alumnos discrepan nalgunha das respostas, pregúntelles, por exemplo, en que se basearon para contestar dun ou doutro xeito. Unha suxestión é que analicen a situación presente desas persoas (a partir da información dispoñible) e que as clasifiquen como positivas ou negativas. De aí, poderán dicir se se alegran ou se se arrepinten, respectivamente, en cada caso.

Solución

Serxio: *arrepíntese.*

Sofía: *arrepíntese.*

Mariña: *alégrase.*

Eloi: *arrepíntese.*

Camilo: *alégrase.*

Diana: *arrepíntese.*

Patricia: *arrepíntese.*

É importante que vexan que, en todos os casos, as persoas están facendo hipóteses imposibles de cumprir porque se refiren ao pasado.

Remítaos outra vez ás frases e fágalles notar que, en todas elas, hai unha condición e unha consecuencia. Pídalles que as separen e móstrelles a primeira a modo de exemplo:

Condición: de non marchar ao rematar o instituto
Consecuencia: conservaría algunhas amizades na vila e non me sentiría tan só

A continuación, suxíralles que fagan o mesmo coas demais frases e, ao terminaren, proceda a unha corrección entre todos. Ademais, lembre comentarlles que, aínda que en todas as frases a condición vai antes da consecuencia, esta orde pode invertirse:

Conservaría algunhas amizades na vila, de non marchar ao rematar o instituto.

B. Pídalles agora que se fixen nas formas verbais que figuran en cor vermella, empregadas para expresar a condición nalgunhas das frases. Explíquelles que están no infinitivo conxugado e fágalles notar que, nestes casos, aparecen precedidos pola preposición **de**. Pídalles que volvan fixarse no contido de cada frase e

Como non o sabía...

que digan en que persoa verbal está cada unha destas formas. A continuación, pídalles que completen o cadro coas formas que faltan e, logo dun minuto, faga unha posta en común.

Solución

<i>marchar</i>	<i>facer</i>	<i>adquirir</i>
<i>marchares</i>	<i>faceres</i>	<i>adquirires</i>
<i>marchar</i>	<i>facer</i>	<i>adquirir</i>
<i>marcharmos</i>	<i>facermos</i>	<i>adquirirmos</i>
<i>marchardes</i>	<i>facerdes</i>	<i>adquirirdes</i>
<i>marcharen</i>	<i>faceren</i>	<i>adquiriren</i>

Se lle parecer conveniente, remítaos á epígrafe “Infinitivo conxugado” da sección de gramática, na páxina 77. Lea con eles o seu contido e facilítelles máis exemplos se o considerar necesario.

Asemade, fágalles notar o emprego do pospretérito para falar das consecuencias en todas as situacións presentadas.

C. Pídalles agora que volvan observar as hipóteses do ítem A e que completen, individualmente, o esquema proposto, que resume todo o que viron ata agora na actividade. Logo duns intres, proceda a unha corrección conxunta.

Solución

*Para falar de accións que foron ou non realizadas nun momento do pasado, empregamos a estrutura **de + infinitivo conxugado** ou o imperfecto de subxuntivo. Para falar dos resultados ou das consecuencias das accións no presente, empregamos o **pospretérito**.*

D. Finalmente, convídeos a que completen individualmente as frases que se ofrecen, segundo o seu punto de vista e tendo en conta as estruturas necesarias que acaban de ver. Despois, ánimoos a que as comenten cun compañeiro.

Durante as dúas fases de realización desta tarefa, individual e en parellas, convén que se acerque aos estudantes para lles resolver as dúbidas que poidan xurdir, así como para corrixir as súas producións orais.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicios 2 e 4.

5. REPROCHES

Relacionar unha serie de accións cos reproches correspondentes. Reflexionar sobre os recursos que se empregan para reprochar e sobre a función e a colocación dalgúns pronomes na frase.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Probablemente, os seus alumnos xa viron os pronomes de obxecto directo e indirecto nos niveis anteriores. Nesta actividade, terán a oportunidade de revisalos e de estudalos en maior profundidade, atendendo sobre todo á posición destes respecto dos verbos.

PROCEDEMENTOS

A. Como na actividade 3 os alumnos traballaron co verbo **reprochar**, é bastante probable que entendan perfectamente o significado do substantivo **reproches**, que lle dá título á actividade. De todos os xeitos, asegúrese diso e, de non ser así, acláreo. A continuación, preséntelles as cinco situacións que aparecen na columna da esquerda e convídeos a que as lean. Deseguida, pídalles que as relacionen co reproche máis axeitado da columna da dereita.

Deberán facelo individualmente, pero permítalles logo que comparen as súas respostas coas dun compañeiro. Non proceda a unha posta en común, xa que o comprobarán eles mesmos a partir da audición que escoitarán no seguinte ítem.

B. Indíquelles agora que van escoitar os diálogos para comprobaren se as súas respostas eran acertadas. Coloque a audición unha vez e, de ser necesario, repítaa. Ao final, faga unha posta en común na que se confirmen os resultados.

Solución

1. *Claro e con razón. Sinceramente, creo que llelo debiches contar ti mesma.*
2. *E como non llos deixaches? Co boño que é, merecía, non?*
3. *Muller, a min non! Púidochas deixar, por suposto. Se, ao final, son de todos...*
4. *E non mo puidiches dicir antes? Co difícil que é atopar unha substituta...*
5. *Que raro, non? Puido dicircho, se non lle custaba nada...*

C. Pregúntelles aos estudantes se están ou non de acordo cos reproches que se fixeron en cada situación e se eles se queixarían do mesmo xeito. Pídalles, ademais, que se fixen nos recursos empregados nos diálogos para formular os reproches e interétese por saber se coñecen outra forma de facelo. Indíquelles que o comenten en parellas e, antes de realizar a posta en común, remítaos á epígrafe “Reprochar” da sección de gramática, na páxina 77.

Solución

1. *Pretérito de deber + infinitivo.*
2. *E como non + pretérito.*

3. Pretérito de poder + infinitivo.
4. Pretérito de poder + infinitivo.
5. E non + pretérito de poder + infinitivo.

D. Remítaos de novo aos cadros dos reproches do ítem A e centre a súa atención no que figura destacado en grosa. Se non o din eles, recórdelles que se trata de contraccións dos pronomes complemento e pídalles logo que identifiquen a que ou a quen se refiren en cada caso. Anímeos a que fagan esta primeira parte en parellas e, despois, promova unha corrección entre todos antes de pasar á seguinte.

Solución

1. **llelo** = *lles* (aos teus pais) + *o* (que pensaba divorciarte)
2. **llos** = *lle* (a Teo) + *os* (os cartos)
3. **chas** = *che* (a ti) + *as* (as fotos)
4. **mo** = *me* (a min) + *o* (que mañá non poderás traballar)
5. **cho** = *che* (a ti) + *o* (que ía a Arxentina)

Agora, pídalles que volvan observar os reproches e que reflexionen sobre as diferentes posicións que estes pronomes poden ocupar na frase. Suxíralles que o comenten outra vez en parellas e realice logo unha posta en común.

Solución

Despois do verbo e unido a el: infinitivo e formas conxugadas.

*Antes do verbo: despois de **non** e **que**.*

Se lle parecer conveniente, remítaos á epígrafe “A colocación dos pronomes” da sección de gramática, na páxina 77. Repase con eles o seu contido e, de consideralo necesario, presentelles máis exemplos.

E DESPOIS

Suxerímoslle que lles reparta aos estudantes fotocopias do texto que figura na **ficha 18**. Pídalles que o lean e que contesten as preguntas que o acompañan. A seguir, forme grupos de tres ou de catro e propóñalles que discutan as súas respostas. Finalmente, anímeos a que, entre todos, comenten as conclusións de cada grupo.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicio 5.



practicar e comunicar

6. BIOGRAFÍAS ESCOLARES

Ler un conxunto de frases e escoller as que mellor definen a súa biografía escolar.

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos estudantes que, nunha soa frase, tenten describir o máis destacable da súa etapa escolar. Póñalles algún exemplo: **Eu, o que máis destacaría sería/n... o mal que o pasaba nos exames, os recreos e a cantidade de xogos que sabíamos** etc.

A continuación, remítaos á listaxe de frases que aparece no libro e pídalles que marquen aquelas coas que máis se identifican. Asemade, dígalles que poden ampliar a lista con outros exemplos e anécdotas. Despois, en grupos de tres ou de catro, anímeos a comentaren como quedou a súa listaxe final. A continuación, indíquelles que fagan as debidas comparacións para decidiren con cal compañeiro teñen máis cousas en común.

Se os estudantes non son moitos, suxíralles que fagan logo unha posta en común, para que se coñezan todas as coincidencias.

7. QUE PASARÍA SE...?

Formular hipóteses sobre algúns acontecementos no pasado.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que, individualmente, pensen e formulen por escrito as súas hipóteses para as preguntas que se propoñen no libro. A seguir, distribúaos en grupos de tres e anímeos a compartiren as súas respostas e a escolleren logo as máis divertidas e orixinais.

B. Infórmeos de que van facer por equipos un concurso de hipóteses referentes a acontecementos pasados. Gañará o equipo que formule as preguntas máis orixinais e que propoña as respostas máis divertidas. Mantendo os mesmos grupos de tres, pídalles que pensen e que formulen tres preguntas do tipo: **Que pasaría se...** (parecidas ás do ítem A).

Déixelles tempo abondo para que preparen as súas preguntas e, despois, leve a cabo o concurso. Cada equipo formulará, por quendas, unha pregunta e os demais grupos disporán dun minuto para discutir e para dar a resposta máis orixinal que se lles ocorra. En cada quenda, o equipo que formulou a pregunta valorará, de 1 a 3, as respostas recibidas. Pola súa banda, os outros equipos acordarán, tamén nunha

valoración de 1 a 3, a puntuación da pregunta. Aclare que máis puntos significa máis orixinalidade.

Para rematar, suxerímoslle que recolla no encerado os resultados das votacións, nunha táboa coma a que lle proporcionamos na **ficha 19**.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicio 1.

8. ARREPÍNTOME DE...

Falar de feitos e actitudes importantes na súa vida e das súas consecuencias.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Como son moi parecidas as tarefas propostas nos ítems A e B, suxerímoslle que os estudantes as realicen conxuntamente, para que non se solapen. Outra alternativa é indicarlles previamente que non fagan no ítem A o que se lles vai pedir logo en B.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se hai algo que fixeron na súa vida do que se arrepinten e se o cambiarían se puidesen. Faga que reparen na mostra de lingua, para que teñan un exemplo do que deberán producir. Propóñalles que pensen en cousas relacionadas cos ámbitos que se ofrecen no cadro verde (**estudos, traballo, vida familia, amigos, amor, diñeiro**) e anídeos a que mencionen outros que lles pareceren importantes.

Deseguida, indíquelles que o comenten en parellas e, de ser posible, faga unha posta en común para que compartan as cousas das que se arrepinten con toda a clase.

B. Agora, dígalles que pensen nas cousas que, por algún motivo, deixaron de facer no seu momento e do que agora tamén se arrepinten. Ensínelles a mostra de lingua e explíquelles que poderán apuntar as respostas no seu caderno, en relación cos mesmos ámbitos do cadro do ítem A. Cando terminaren, anídeos outra vez a que o comenten cun compañeiro e, ao final, volva facer unha posta en común.

C. Propóñalles aos estudantes que falen agora dos feitos que consideran máis importantes no seu pasado e das consecuencias que estas circunstancias teñen no presente.

9. NON DEBICHES FACER ISO!

Ler un informe e escribirlle unha mensaxe a unha persoa falando dos seus erros e acertos nunha entrevista.

PROCEDEMENTOS

Explíquelles aos seus alumnos que deberán imaxinar que traballan no departamento de recursos humanos dunha escola de negocios e que lles enviaron o informe dunha entrevista de traballo. Por casualidade, o candidato é unha persoa que coñecen, polo que deciden escribirlle unha mensaxe electrónica para lle comentar os fallos e os acertos que cometeu na entrevista.

Pídalles que lean o texto e que, a continuación, redacten a mensaxe, tendo en conta todos os recursos cos que traballaron ao longo da unidade. Aclare as dúbidas de léxico que poidan ter durante a lectura e, logo, déixelles o tempo necesario para que fagan as súas composicións.

Cando remataren, recolla os seus textos e léveos para facer unha corrección máis pormenorizada. Na clase seguinte, devólvallelos e comente os fallos máis xeneralizados, aclarándoos e facilitándolles aos estudantes máis exemplos do léxico ou das estruturas nas que presentaron maior dificultade.

10. FARÍAS O MESMO?

Ler unha noticia publicada nun xornal, valorar e xulgar as decisións tomadas pola protagonista.

PROCEDEMENTOS

A. Escriba no encerado o titular da noticia que figura na actividade: **A alcadesa de Cotavilas, destituída do seu cargo e posta á disposición xudicial**. Logo, anime os estudantes a que comenten as razóns polas que iso lle pode pasar a unha persoa. Se os seus alumnos non son galegos, interésese por saber se recordan unha noticia similar nos seus lugares de procedencia e anídeos a que a comenten na clase. Despois, remítaos ao texto do libro coa nova completa e pídalles que o lean e que, logo, contesten as preguntas que se propoñen.

B. Cando terminaren, indíquelles que formen grupos de catro e que, dentro do grupo, fagan outra división: por unha banda, estarán os que defenden a actitude da alcadesa e, por outra, os que están en contra. Indíquelles que cada bloque poderá escribir previamente os seus argumentos e, despois, deberán comezar a discusión. Deixe que dure a actividade o tempo que lles faga falla aos seus alumnos para que debatan e acheguen todos os seus argumentos.

C. Ao remataren, pregúntelles, de forma conxunta, se algún deles cambiou de opinión despois da discusión.

De haber respostas afirmativas, pregúntelles cales foron os argumentos máis convincentes.

E DESPOIS

Se mostraron interese polo tema, promova unha especie de debate, no que se poidan comentar as conclusións de cada grupo, sobre todo en relación coa pregunta “Debemos cumprir sempre as leis?”. Se coñecen exemplos que xustifiquen o seu punto de vista en cada caso, anímeos a que os acheguen.



11. ESCOLAS UNITARIAS

Ler un texto sobre as escolas unitarias e comparalas co tipo de escola na que estudou.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos que significa para eles unha “escola ideal”. Dígalles que poderán pensar, por exemplo, nos aspectos positivos e negativos da escola na que estudaron ou, de ser o caso, naquela onde estudaron ou aínda estuden os seus fillos. Debuxe no encerado unha táboa con dúas columnas: nunha, escriba que **teña/sexa...** e, na outra, **que non teña/sexa...** Deseguida, anímeos a que suxiran os trazos ou as características que crean convenientes e vaia apuntándoos no encerado, na columna correspondente, e non o borre ata que rematen a actividade.

PROCEDEMENTOS

A. Centre a atención dos estudantes na fotografía que acompaña a actividade e dígalles que se trata dunha escola unitaria. A seguir, pregúntelles se xa oíron falar deste tipo de escolas e se saben o que son. Se traballa cun alumnado galego, é probable que algún dos seus alumnos poida identificalas facilmente. De todos os xeitos, logo de escoitar a súa opinión, coméntelles que no texto seguinte atoparán máis información sobre elas e pídalles que o lean individualmente.

Logo da lectura, aclare as dúbidas de vocabulario que poidan ter e pregúntelles que opinión lles merecen as escolas unitarias a partir das descrições que acaban de ler. Escoite as súas respostas e pídalles logo que contrasten as características das escolas unitarias (baseándose unicamente na información do texto) coas que figuran nas listaxes do encerado. A maioría delas coinciden ou non coas que mencionaron para a “escola ideal”?

B. Pídalles agora que comparen a escola na que estudaron cunha escola unitaria. De coincidiren ambos os elementos, pode pedirilles que fagan unha avaliación

da súa experiencia. A seguir, pode suxeririlles que valoren, por exemplo, o centro onde se imparte o curso de galego.

Para rematar, anímeos a que o comenten en parellas e, ao final, convídeos a que o debatan e a que lles conten aos demais os trazos máis importantes que definen o seu centro.

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese polo tema, alongue o debate e propóñalles que dean a súa opinión ou que comenten as vantaxes e as desvantaxes dos diferentes tipos de escola que coñezan.

